

ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Aprobación definitiva modificación ordenanza fiscal núm. 1

ANUNCIO

Habéndose elevado automáticamente a definitivo o acordo provisional adoptado en sesión plenaria realizada o día 26 de setembro de 2014, respecto da Modificación do artigo 6º da Ordenanza Fiscal núm. 1, reguladora da taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamentos (publicada a provisional no Boletín Oficial desta Provincia núm. 195 do 13 de outubro de 2014), consonte ao disposto polo art. 17.4 da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (LRFL), a continuación figuran: o acordo de aprobación provisional elevado a definitivo no que figura o texto íntegro do artigo 6º da Ordenanza fiscal tal e como queda logo da introducción da modificación aprobadas (I) e, o réxime de recursos (II):

I. Acordo plenario do 26.09.2014 de aprobación provisional, elevado a definitivo:

1º. Ratificar o contido íntegro do expediente, tal e como se presenta, por entender que o mesmo está axustando a canto a estes efectos dispoñen os artigos 15 e seguintes e 20 ao 27 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como ao disposto de aplicación pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2º. En congruencia co que precede, aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal núm. 1, reguladora da taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamentos, de acordo co seguinte onde aparecen reflectidos en cursiva os novos supostos que se introducen, respecto das tarifas:

VEHÍCULOS:	BUL - Bomba Urbana Lixeira	50 € /h. ou fracción
	BNP - Bomba Nodriza Pesada	50 € /h. ou fracción
	Escala-Vehículo de altura	60 € / h. ou fracción
	Vehículos lixeiros e análogos	35 € / h. ou fracción
	Furgón servizos varios	40 € / h. ou fracción
	Remolque de salvamento	20 € / h. ou fracción

PERSOAL:	Bombeiro - Conductor	18 € /h. ou fracción
	Cabo - Conductor	22 € /h. ou fracción
	Saxento - Xefe de Parque	25 € /h. ou fracción
	Saxento - Coordinador de Parques	28 € /h. ou fracción
	Suboficial - Coordinador do Servizo	30 € /h. ou fracción (antes 28€/h)

EQUIPOS:	Equipos E.R.A.s (se suprime "respiración autónoma")	24 €/ unidade
	Extintores	40 €/ unidade
	Mangueras e Accesorios	15 €/ Tramo
	Xerador de espuma	30 € / h. ou fracción
	Detector gases	20 € / h. ou fracción
	Cámara térmica	20 € / h. ou fracción
	Ventilador e accesorios	35 € / h. ou fracción
	Xerador eléctrico	35 € / h. ou fracción
	Bomba achique	25 € / h. ou fracción
	Equipos lixeiros de corte - motoserra, motodisco, radial e outros -	10 € / h. ou fracción
	Equipo de iluminación	15 € / h. ou fracción
	Equipo de excarceración	85 € / h. ou fracción
	Equipo de apuntalamiento	40 € / h. ou fracción
	Equipo de rescate altura/subsolo	30 € / h. ou fracción
	Equipo de mergullo ou submarinismo	50 € / h. ou fracción
Lancha rescate e salvamento acuático	40 € / h. ou fracción	

MATERIAL:	Recarga Aire Comprimido (se suprime "ERA")	12 € / Unidade
	Espumóxeno	10€/Litro
	Absorbente	15€/ Kg.
	Dispersante	8€/ Litro
QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizarse ida e volta)	1,00 € / km.

TARIFA MÍNIMA	Prestación de servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e outros similares, salvo que, da liquidación dos elementos persoais e materiais utilizados resulte unha cota superior	100 €. (antes: 1€/km)
---------------	--	-----------------------

h. = hora

3°. En aplicación do disposto polo art. 17 do citado Texto Refundido expoñer o texto aprobado ao público, durante o prazo de trinta días hábiles, mediante a inserción do anuncio correspondente no "Boletín Oficial" desta provincia e no taboleiro de anuncios deste Consorcio, a fin de que os interesados aos que fai mención o art. 18 do Texto Refundido citado, podan examinar o expediente que inclúe a modificación da dita ordenanza, provisionalmente aprobada, e presentar, contra os mesmos, as reclamacións que estimen oportunas durante o mencionado prazo.

4°. Transcorrido o prazo anterior, sen que se tiveran presentado reclamacións, o presente acordo provisional quedará automaticamente elevado a definitivo, sen necesidade de adopción expresa doutro, o que comporta, á súa vez, a aprobación definitiva da dita modificación na indicada ordenanza fiscal, debendo procederse, acto seguido, á publicación preceptiva que ordena o art. 17 do devandito Texto Refundido en relación co previsto a eses efectos polo art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a fin de acadar a entrada en vigor.

5°. De presentarse reclamacións, se resolverán no acordo de aprobación definitiva, no que figurará, necesariamente, a redacción definitiva da ordenanza, incluíndo as modificacións que procedera, e realizando, acto seguido, as actuacións que para a entrada en vigor, se cita no apartado precedente.

6°. Outorgar á Presidencia desta Entidade cantos poderes precise en orde a alcanzar a eficacia do presente acordo.

II. Réxime de recursos:

De conformidade co establecido polo art. 19.1 LRFL e arts. 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa contra o acordo de aprobación que figura no apartado I e máis o texto modificado da propia Ordenanza Fiscal núm. 1 os interesados poderán interpor, directamente, o recurso contencioso - administrativo ante a Sala correspondente do Excmo. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partires do seguinte día ao da publicación do presente anuncio, sen que esa interposición, por si mesma, supoña a suspensión ou falta de execución dos devanditos acordo e ordenanza.

Carballo, 16 de decembro de 2014.-

O presidente,

Asdo.: Luis Menor Pérez

2014/13819



Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña

Ordenanza Fiscal núm. 01,

reguladora da taxa pola prestación do servizo contra incendios e
salvamentos



ORDENANZA FISCAL NÚM. 01,

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polo artigo 150 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais, texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, LRFL), en relación co artigo 22.c) dos estatutos deste Consorcio, aprobados polo decreto 258/2002, do 30 de xullo (modificados polo decreto 151/2006, do 31 de agosto e polo decreto 62/2009, do 12 de marzo), e de conformidade co disposto polos artigos 15 e seguintes da LRFL, establece a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e de salvamentos á que fai referencia o artigo 20.4.k) do mencionado texto legal (LRFL) e que estará regulada polas normas ao efecto contidas na presente Ordenanza fiscal, así como as de aplicación contidas tanto na propia LRFL como na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais que lle foran tamén de aplicación.

Artigo 2º. Feito imponible e obriga de contribuír.

1. Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos Servizos de extinción de incendios e salvamentos que a seguir se indica, os cales son de recepción obrigatoria:

- a) A asistencia prestada en caso de incendios e/ou alarmas destes, salvamentos en xeral, afundimentos de edificios e construcións, ruínas ou prevencións destas, accidentes de tráfico, inundacións e calquera outra situación análoga que motive a necesidade de intervención polos servizos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento, ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.
- b) A presenza de persoal e materias do servizo e concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.
- c) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que fora prestado polo Consorcio na materia obxecto desta taxa.
- d) A realización de actuacións que, aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran prestadas polo persoal do servizo a requirimento dos interesados.

2. A obriga de contribuír nacerá e producirase a devindicación ou adquisición do dereito á percepción da taxa polo Consorcio, no momento no que saia do parque/s comarcal de bombeiros a dotación correspondente para levar a cabo ou seu cometido.

3. Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, os servizos de prevención xeral realizados a instancia do propio consorcio, nin aqueles outros servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

Artigo 3º. Obrigados tributarios.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas ás que fai referencia o art. 35 da Lei Xeral Tributaria, incluídos os mencionados no apartado 4 do mesmo., que sexan usuarios dos bens sinistrados e que foran obxecto da prestación do servizo. Entenderase por usuarios, aos propietarios, arrendatarios, usufructuarios e posuidores, por calquera título, dos bens obxecto de actuación.



Nos servizos de salvamento, será obrigados tributarios, os que teñan solicitado o servizo ou en cuxo interese redunde a prestación realizada.

2. Terán a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construcións e derrubes, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

Artigo 4º. Responsables.

1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades ás que fai referencia o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Exencións subxectivas.

1. Estarán exentos os contribuíntes beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, así como aqueles que xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples). Nembargante, non procederá exención cando suxeito pasivo, estivese amparado por un seguro que cubrise os gastos derivados da intervención dos servizos do consorcio.

2. Os suxeitos pasivos que estean na/s situacións descritas no apartado anterior, deberán solicitalo por escrito ao consorcio, acompañando a documentación acreditativa das circunstancias nas que se fundamenta dita exención. O prazo para se solicitar a exención será do máximo dun mes, contado desde a data da intervención dos efectivos do servizo.

3. Fóra dos supostos indicados non serán aplicables outros beneficios fiscais, salvo os que estean expresamente amparados en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

Artigo 6º. Cota Tributaria.

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, dos materias empregados na prestación do servizo, o tempo invertido nesta e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen e, no seu caso, polas especiais incidencias na prestación do servizo, tal e como figura no apartado seguinte.

2. Aos efectos anteriores, aplicaranse a seguinte Tarifas:

VEHÍCULOS:	BUL - Bomba Urbana Lixeira	50 € / h. ou fracción
	BNP - Bomba Nodrizza Pesada	50 € / h. ou fracción
	Escala-Vehículo de altura	60 € / h. ou fracción
	Pick-up	
	Vehículos lixeiros	35 € / h. ou fracción
	Furgón servizos varios	40 € / h. ou fracción



PERSOAL:	Bombeiro	18 € /h. ou fracción
	Cabo-Xefe de Quenda	22 € /h. ou fracción
	Sarxento-Xefe de Servizo	25 € /h. ou fracción
	Suboficial	28 € /h. ou fracción

EQUIPOS:	Equipos ERAS (Respiración Autónoma)	24 €/ unidade
	Extintores	40 €/ unidade
	Mangueras e Accesorios	15 €/ Tramo
	Xerador de espuma	30 € / h. ou fracción
	Xerador eléctrico	35 € / h. ou fracción
	Equipo submarinismo	50 € / h. ou fracción
	Lancha rescate e salvamento	40 € / h. ou fracción
	Detector gases	20 € / h. ou fracción
	Bomba achique	25 € / h. ou fracción
	Equipo de rescate altura/subsolo	30 € / h. ou fracción
Equipo de excarceración	85 € / h. ou fracción	

MATERIAL:	Recarga Aire Comprimido ERA	12 € / Unidade
	Espumóxeno	10€/Litro
	Absorbente	15€/ Kg.
	Dispersante	8€/Litro

QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizarse ida e volta)	1,00 € / km.
---------------------	--	---------------------

TARIFA MÍNIMA	Prestación de servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e outros similares, salvo que, da liquidación dos elementos persoais e materiais utilizados resulte unha cota superior	1,00 € / km.
----------------------	---	---------------------

h. = hora

INCREMENTOS DAS TARIFAS ANTERIORES:

1. SERVIZOS FÓRA DO ÁMBITO DO CONSORCIO:

Os servizos efectuados fóra do ámbito de actuación dos parques que forman parte do Consorcio sufrirán unha recarga do 50% sobre a tarifa resultante.

2. INCIDENTES CON MATERIAS PERIGOSAS:

Naqueles incidentes nos que haxa presenza de substancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións legais aplicables, recargarase a tarifa resultante nun 100%

Artigo 7º. Liquidación e ingreso.

De acordo cos datos remitidos no parte de intervención emitido polo Parque Comarcal de Bombeiros, practicarase a liquidación que corresponda, que será aprobada mensualmente na oportuna resolución conxunta dese fin para se notificar, individualmente co fin do seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación, ben directamente polo consorcio ou ben, pola Administración pública a quen se tivera delegado, no seu caso, a recadación da taxa.

Artigo 8º. Prestación do servizo fóra dos concellos integrados no Consorcio.

1. Para a realización de tal servizo precisarase autorización da Presidencia ou, no seu caso, da xerencia do Consorcio. Concederase, en todo caso, cando o servizo o permita e o solicitante satisfaga a contía da taxa, calculada conforme ao disposto no artigo 6º.



2. Nos casos en que as circunstancias de urxencia o aconsellen, poderá esixirse o previo pagamento a unha media de 6 horas en que sexa empregado o persoal e material que se requira.

Artigo 9º. Infraccións e sancións tributarias.

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.

A ordenanza fiscal reguladora do servizo contra incendios, aprobouna o Pleno do Consorcio en sesión celebrada o día 24 de marzo de 2004, e publicouse, xunto co dito acordo no "Boletín Oficial" desta provincia número 177 do 02 de agosto de 2004 (posterior corrección de erros no citado boletín, co número 25 do día 01 de febreiro de 2005). Mediante acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2009, déuselle unha nova redacción íntegra a ordenanza, quedando a mesma, tal e como consta no texto que antecede, incluíndo esta disposición final. Consonte ao dito acordo plenario de 1 de outubro de 2009 a nova ordenanza, na súa redacción final xunto coas modificacións introducidas, entrando en vigor, a partires do día 01 de xaneiro de 2010, habéndose publicado o texto íntegro da mesma, segundo precede, no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 261, do 11 de decembro de 2009, e permanecerá en vigor, total ou parcialmente, ata en tanto non se acorde a súa expresa modificación ou derogación.
